O día 19 de maio contamos coa presenza de Nuria Núñez, unha contacontos procedente de Zaragoza que contou as súas historias aos alumnos e alumnas de 1º ciclo

UN CONTO FANTÁSTICO

Había unha vez unha pantasma que en lugar de asustar á xente tiña medo das persoas.

Pelouro que era como se chamaba a pantasma vivía nunha casa grande de Ferrol co seu tío Anacleto.

Anacleto, farto de ter un sobriño tan medoñento, levouno con el para asustar a uns turistas que ían visitar un barco museo.

Cada vez que entraba unha persoa, Anacleto empurraba a Pelouro cara adiante, pero como berraban tanto fuxia aterrorizado a refuxiarse na sala de máquinas.

Entón o tío pensou que era mellor vivir nunha cas deshabitada, pero o resultado foi moito peor, xa que Pelouro comezou a ter medo das arañas e dos ratos.

O tío anacleto decidíu que voltarían á cas grande.

Pero, que sorpresa cando chegaron! A casa estaba invadida por máquinas e obreiros que ían dun lado a outro. Pobre Pelouro! Pasou os peores meses da súa vida pantasmal.

A familia que foi vivir á casa estaba composta por un matrimonio e dúas fillas xemelgas chamadas Laura e María.

Un día as rapazas entraron de súpeto no cuarto dos xoguetes pillando a Pelouro por sorpresa, pero non se asustaron nin berraron, ao contrario, comenzaron a facerlle preguntas á pantasma, que quedara tesa de impresión.

Cando se recuperou saíu correndo a buscar ao seu tío Anacleto e contarlle o que sucedera. Anacleto mandoulle vixiar ás nenas e así Pelouro foise acostumando a estar con elas.

Unha tarde laura invitouno a xogar e a pantasma pasouno tan ben que perdeu totalmente o medo ás persoas. Desde aquel día fixéronse tan amigos que ainda hoxe as xemelgas que xa se fixeron maiores, botan de menos ao seu amigo Pelouro.

BEATRIZ. 3ºC

MAXIA EN COMPOSTELA

MARTA. 2ºA

O día 21 de Abril fomos a ver un espectáculo de maxia no teatro Principal de Santiago. Houbo catro magos. Un que facía de presentador e facía uns trucos fabulosos. A segunda foi unha maga que facía de mestre tala. O outro fixo maxia coas bólas e tamén fixo sombras chinesas. E finalmente un que facía xogos con lume a quen chamaban berracha. O que máis me gustou foi o presentador.

LUME!

O mércores un de Abril fomos ver unha obra de teatro. Ficeron marionetas con obxectos de cociña. Foi moi divertido cando a dona ía detrás del chamándole Chucha. A marioneta que máis me gustou foi a araña. Gustoume moito. Aprendimos moito. Pasámolo moi ben.

Carlota Abril García 2ºA

CARLOTA. 2ºA

XENARO E O MISTERIO
DA MOCHILA VERDE

BRAIS. 6ºA

Este libro conta a historia da chegada dun novo rapaz o colexio.
Este rapaz chámase Fernández Xildas e vén de Sevilla.
Xenaro que é un dos rapaces da clase , veo como un pouco raro dende o principio.
Fernández Xildas nunca se despega da súa mochila, desde a súa chegada andan a desaparecer moitas cousas e pouco a pouco foi formando un grupo chamado os Garrapiñados.

Zacarías un rapaz do grupo decatouse de que pasaba algo raro, igual que Xenaro.
Un día a Fernández Xildas caeulle a mochila e abriuse, todos puideron ver que tiña cousas roubadas.
Fernández Xildas non era un ladrón, só collía as cousas máis preciadas dos rapaces pra sentirse acompañado, xa que non tiña amigos e a súa familia non lle daba cariño.

FALAMOS COA AUTORA...CONSUELO JIMÉNEZ
AINDA QUEDAN PIRATAS NA COSTA DA MORTE

Hai uns días tiven a ocasión de asistir a unha charla no Colexio coa escritora Consuelo Jiménez de Cisneros. Durante unha hora contestou as nosas preguntas e falou da súa vida e da súa obra, sobre todo do libro que lin en Semana Santa "Ainda quedan piratas na Costa da Morte" do cal é autora.
A pesares de ser unha persoa que vive en Alacante mostrou coñecer moi ben Galicia e sobre todo a Costa da Morte onde situa as personaxes do libro.
Soños, aventuras, amor, piratas reais e imaxinarios e sempre as paisaxes da Costa da Morte son os elementos que a autora mistura para contarnos unha historia que a min me gustou moito e que penso que ten moito que ver coas vivencias da propia autora.

ÁNGEL FERNÁNDEZ. 5º A